



EAPN GALICIA PRESENTA AO PARLAMENTO O SEU MANIFESTO POR UNHA CIDADANÍA INCLUSIVA

Santiago, 15 de abril de 2010.- Unha delegación dos colectivos participantes no I Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva, acompañados pola directiva da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN-Galicia), visitou esta mañán o Parlamento de Galicia coa finalidade de achegar as súas propostas sobre os dereitos de Igualdade e de Cidadanía á Presidenta do Parlamento e aos Voceiros dos tres Grupos Parlamentarios galegos.

Os membros da delegación de EAPN-Galicia mantiveron unha xuntanza coa Presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, e os representantes dos tres grupos con presenza na cámara: Manuel Ruíz Rivas (Grupo Parlamentario Popular), Beatriz Sestayo (GP Socialista) e Carlos Aymerich (GP do Bloque Nacionalista Galego).

Neste encontro, EAPN-Galicia presentoulles aos seus interlocutores o “Manifesto por unha Cidadanía Inclusiva”, documento no que se recollen os resultados e propostas extraídos do I Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva, que EAPN-Galicia celebrou en Santiago o pasado 10 de abril. Este encontro reuniu medio cento de participantes correspondentes a unha ducia de colectivos en situación ou risco de exclusión social (persoas inmigrantes, sen teito, etnia xitana, mozos tutelados e ex tutelados, parados de longa duración, persoas con discapacidade e ex toxicómanos). Estes colectivos traballan coas distintas organizacións sociais integradas en EAPN-Galicia.

Foron os propios participantes os que elaboraron as conclusións durante o encontro unificadas no Manifesto presentado hoxe. En representación de todos estes colectivos, Mónica Pastoriza e Mohamed Benaachour encargáronse de facer a lectura destas conclusións aos representantes parlamentarios, os cales transmitiron compartir cada un dos puntos do Manifesto; a Presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, recolleu unha das mensaxes do texto no que se afirmaba “queremos sentirnos importantes”, expresando que para eles, elixidos democráticamente, hoxe sí era un día importante, pois han de ter en conta a opinión e a situación de todos e cada un dos representados, afirmando ademáis que “o Parlamento é a casa de todos os galegos e galegas”; o señor Aymerich salientou a necesidade de traballar sobre as causas da exclusión e sobre o avance na aplicación da Lei de Servizos Sociais; Beatriz Sestayo, confirmou a disposición do seu grupo para traballar nas melloras propostas no Manifesto, e Manuel Ruíz Rivas suxeriu a posibilidade de asunción do mesmo por parte da Cámara.

EAPN Galicia – Rede Galega de Loita contra a Pobreza

Un dos obxectivos esenciais da Rede Galega de Loita contra a Pobreza –EAPN-Galicia- é incidir no deseño das políticas públicas a prol dos dereitos e intereses das persoas en risco de exclusión. Coa súa presenza no Parlamento de Galicia, a organización quixo trasladarles aos distintos representantes políticos a súa vontade de que a voz destes colectivos, plasmada no Manifesto, sexa tida en conta nos procesos de toma de decisións.

Asemade, EAPN-Galicia entregou á presidenta do Parlamento e aos grupos parlamentarios dúas resolucións nas que chama a atención, en primeiro lugar, sobre a necesidade de aumentar o dinamismo dos órganos consultivos e de asesoramento en materia de asuntos sociais, para que funcionen como espazos reais de participación; e, en segundo lugar, sobre a necesidade de utilizar as Cláusulas Sociais e a Reserva de Mercado na Contratación Pública, como forma de poñer en valor a bagaxe das entidades sociais prestadoras de servizos.